

DOMINGO XXII ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Eclo 3, 19-21. 30-31 (gr 17-18. 20. 28-29)

Lectura do libro do Eclesiástico

Meu fillo, cando sexas rico procede modestamente e virás a ser máis amado có que fai moitos agasallos; faite pequeno diante das grandezas do mundo e encontrarás favor onda Deus. Non vaias á procura do difícil de máis para ti nin pescúde-lo que te supera; Non corras a sanda-la ferida do burlón; non ten cura pois é grelo de planta cativa. A mente sabia comprende os ditos dos Sabios, o oído atento á Sabedoría aledarase.

SALMO RESPONSORIAL Sal 67, 4-5ac. 6-7ab. 10-11

R/. (cf. 11b): Na túa bondade, Deus, dispuxeches unha casa para o pobre.

Os xustos alégranse, exultan na súa presenza,
reloucan de contento.

Loade o Señor, cantade o seu nome.
Chámase Señor: exultade diante del.

Os orfos teñen un pai, as viúvas un vingador:
Deus na súa morada santa.
Deus dálles fogar ós solitarios,
libra os presos e enriqueceos,

Vertiches, Deus, chuvia xenerosa,
fortalecécíche-la herdade extenuada.
O teu rabaño aposentou no lugar
que ti, Deus, dispuxeras na túa bondade para os pobres.

SEGUNDA LECTURA Heb 12, 18-19. 22-24a

Lectura da carta ós Hebreos

Irmáns: Non estades diante de algo que se poida apalpar nin dun lume ardente nin dunha nube negra e borrascosa nin dunha tormenta, nin diante do bucinazo dunha trompeta nin do boureo dunhas palabras coma as que escoitaron aqueles que, ó sentilas, pediron que non se pronunciase ningunha máis.

Vós, en cambio, estades diante do monte Sión, da cidade do Deus vivo, da Xerusalén celeste; diante de milleiros de anxos, da Igrexa dos primoxénitos censados no ceo, e diante de Deus, xuíz de todos, e das ánimas dos xustos que xa chegaron á súa perfección, e diante de Xesús, mediador da Nova Alianza.

EVANXEO Lc 14, 1. 7-14

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Un sábado ía Xesús comer á casa dun xefe dos fariseos; e eles vixiábano. Decatándose de que os convidados buscaban os primeiros postos, contoulles unha parábola: - Cando alguén te convide a unha voda, non te poñas no primeiro posto. Pode suceder que un máis distinguido ca ti tamén estea convidado e que veña o que vos convidou e che diga: "Déixalle o sitio a este", e cheo de vergonza teñas que ir para o derradeiro lugar.

O revés, ti, cando te conviden, ponte de último, para que cando chegue o que te convidou che poida dicir: "Amigo, sube máis arriba". E quedarás moi ben diante de tódolos convidados. Porque a quen se ten por moito, hano rebaixar e a quen se rebaixe hano enaltecer.

E díxolle tamén ó que o convidara: - E ti, cando deas un xantar ou unha cea, non cháme-los teus amigos, irmáns, parentes ou veciños ricos; non sexa que eles te recompensen convidándote tamén a ti. Cando deas un banquete, convida os pobres, eivados, coxos e cegos; e serás ditoso, porque non te poden recompensar; pero xa se che recompensará na resurrección dos xustos.